



Desde a Concellería de Igualdade continuamos co compromiso de difundir o IV Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Porriño 2020-2024; que foi aprobado por unanimidade no Pleno do 27 de febreiro, e presentado á cidadanía o 11 de marzo.

Esta é unha versión resumida onde se dan a coñecer as medidas a realizaren no 1º semestre deste ano 2020; que se irá completando coas medidas seguintes, 2º semestre do ano e así sucesivamente, segundo a cronoloxía do plan.

ÍNDICE:

1. INTRODUCCIÓN
2. POBOACIÓN E COLECTIVOS DESTINATARIOS
3. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DO PLAN
4. VIXENCIA E DOTACIÓN ECONÓMICA
5. PRINCIPIOS SUSTENTADORES
6. DEFINICIÓN DO PLAN
7. METODOLOXÍA E ESTRUCTURA
8. SISTEMA DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN
9. EIXES, MEDIDAS E ESTRUCTURA DO PLAN
10. GLOSARIO
11. ANEXO

1. INTRODUCCIÓN

O IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Porriño 2020-2024 é un documento realista nas súas estratexias, dirixidas, estas, a conseguir a igualdade entre mulleres e homes real e efectiva en todos os ámbitos da vida e da convivencia social.

É un Plan que:

- incorpora a coordinación institucional como principio decisivo para garantir a súa efectividade.
- implica ao tecido social da cidade do Porriño na consecución dos obxectivos referidos que precisan a implicación de todas as áreas municipais dada a transversalidade das medidas para facer posible o seu desenvolvemento.

O marco de acción xeral, abórdase desde os procedementos, recursos materiais e humanos e estratexias globais de traballo que implican a toda a equipa de goberno municipal, asumindo un compromiso coa igualdade real e efectiva e coa loita institucional contra calquera tipo de atrancos que impiden ás mulleres estar en pé de igualdade en todos os espazos da vida, profesional, económica, política e social.

Hai unha clara aposta por medidas de carácter estrutural con vocación transformadora e de permanencia que permitirán incorporar a perspectiva de xénero a toda a política municipal. Facendo protagonista ao Centro de Información á Muller (CIM) mellorando o súa visibilización, dando a coñecer a súa situación no edificio do concello e o seu labor.

Os 7 grandes eixes que se van tratar van ligados a un compromiso co estudo, co coñecemento e coa visibilidade das mulleres. Precísase coñecer a realidade cotiá das mulleres para poder traballar axeitadamente e ofrecerlles os mellores recursos.

Finalmente, o loita contra a violencia machista fai que o conxunto do documento teña unha visión ampla das medidas de prevención, atención e asistencia ás vítimas e o seu entorno, así como a sensibilización da cidadanía.

Dende o Concello, nomeadamente dende a Concellería de Igualdade, agardamos a implicación de todos e todas sabendo que esta é a receita para chegar á efectividade dos resultados

Fagámonos cómplices e aportemos para que un Porriño igualitario, inclusivo e intolerante coas inxustizas e co machismo, sexa posible.



Concello do Porriño
CONCELLERÍA DE IGUALDADE

Cami Moreira Fontán
Concelleira de Igualdade

2. POBOACIÓN E COLECTIVOS DESTINATARIOS DO PLAN

Este Plan está dirixido a toda a cidadanía do Porriño.

3. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DO PLAN

- Promover modelos sociais baseados na igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- Integrar na planificación do Concello as políticas de igualdade, garantindo e fomentando o perspectiva de xénero no funcionamento municipal.
- Proxectar O Porriño como cidade igualitaria.
- Sensibilizar e implicar á cidadanía na consecución da igualdade.
- Contribuír a la erradicación de obstáculos específicos que dificultan a promoción das mulleres no eido laboral e fomentar a súa empregabilidade.
- Promover a cultura da igualdade na economía porriñesa.
- Concienciar e fomentar a co-responsabilidade en todos os eidos.
- Seguir fomentando a coeducación.
- Facilitar o acceso das mulleres e nenas á práctica do deporte.
- Mellorar a saúde das mulleres.
- Favorecer o desenvolvemento dunha nova planificación urbana con perspectiva de xénero.
- Coñecer a situación e necesidades das mulleres en situación de vulnerabilidade social e mellorar a súa atención.
- Participación e empoderamento a través de modelos e mecanismos de organización social baseados na igualdade.
- Coñecer a situación das mulleres do Porriño, as súas necesidades e as súas demandas.
- Loitar contra a violencia de xénero.

4. VIXENCIA DO PLAN E DOTACIÓN ECONÓMICA

O IV Plan entrará en vigor dende a súa aprobación en 2020 ata 2024.

A financiación do 4º Plan de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes do Concello do Porriño 2020-2024 procede do orzamento municipal correspondente á Concellería de Igualdade para os exercicios previstos no período que contempla a súa execución. Non obstante, este orzamento incrementarase anualmente cos orzamentos municipais xunto a outros fondos procedentes da colaboración e coordinación con outras Administracións, organismos e Entidades

5. PRINCIPIOS SUSTENTADORES

- Compromiso e pulo político á igualdade entre mulleres e homes.
- Transversalidade de xénero de todas as áreas de goberno municipal.
- Accións positivas destinadas a eliminar as desigualdades que detecte a diagnose.
- Atención ás discriminacións múltiples (perspectiva de inclusión e respecto á diversidade, orientación sexual, etnia, discapacidade, recursos, relixións etc.)...
- Coordinación institucional.
- Participación.

6. DEFINICIÓN DO PLAN

Un Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes é o resultado do compromiso dunha institución, neste caso o Concello do Porriño, coa consecución da igualdade e a eliminación das discriminacións por razón de xénero.

Non estamos ante un documento programático senón ante un marco de traballo que establece o calendario e as prioridades dos vindeiros 4 anos en materia de igualdade, cuxa posta vai contribuír a un mellor equilibrio entre mulleres e homes do Porriño.

7. METODOLOXÍA DO IV PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES 2020-2024

O IV Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2020-2024 deseñouse cun enfoque dual. Por unha banda, a través da integración da perspectiva de xénero nas políticas públicas do Concello e por outra, a través de medidas e accións positivas en materia de igualdade.

7.1 AVALIACIÓN DO III PLAN DE IGUALDADE.

- Recompilación de datos.
- Análise de datos e históricos.
- Elaboración das conclusións sobre o grao de cumprimento das medidas recollidas no III Plan.
- Informe da avaliación por áreas e obxectivos.

7.2 FASE INICIAL E DIAGNOSE

- Recompilación dos datos cuantitativos e cualitativos para a diagnose.
- Constitución do Comité de Igualdade/Equipo Promotor.
 - Desde a páxina 21 ata à 74 están definidos os eixes de intervención.
 - Das súas *ÁREAS RESPONSABLES*, sairá o comité de igualdade/Equipo promotor constituído,
 - E serán as súas funcións as medidas establecidos en cada un deles.
- Redacción da Diagnose con recollida previa de información sobre:
 - Integración da perspectiva de xénero no eido da planificación da elaboración.
 - Sensibilización política.

7.3 ELABORACIÓN

- Marco estratéxico e obxectivos.
- Recursos.
- Integración da perspectiva de xénero.
- Redacción do Plan.

7.4 PRESENTACIÓN, COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN

- Corrección e edición.
- Comunicación interna e externa do Plan.

7.5 EXECUCIÓN

- Planificación: elaboración do Plan de Traballo.

8. SISTEMA DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO IV PLAN

8.1 INDICADORES DE XÉNERO NAS MEDIDAS DO PLAN.

Os indicadores incorporados a cada medida do IV Plan proporcionan a información axeitada sobre o cumprimento de cada obxectivo proposto e da posta en marcha de cada medida, ordenadas en 7 Eixes.

Os indicadores incorporados a cada medida son cuantitativos e achegan a información concreta e precisa sobre os resultados acadados no desenvolvemento das medidas e das actividades. Tamén se incorpora algún indicador cualitativo co gallo de clarificar procesos, actitudes ou satisfacción. Nalgúns casos, o indicador é a propia evidencia da consecución dos obxectivos e da realización da medida proposta.

As fontes de información para o cumprimento dos indicadores de xénero incluídos no IV Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes son respecto de resultados e de impacto:

- Inscripcións e acceso ás actividades. Datos porcentuais por sexo.
- Asistencia e participación nas actividades.
- Memorias
- Cuestionarios.
- Reunións.
- Accións e puntos de difusión de materiais, actividades etc....
- Evidencias da medida.
- Impactos.

Todos os indicadores recollidos están desagregados por sexo e perfectamente definidos en cada medida e sinalan os avances e a evolución en materia de igualdade así como as eivas e os puntos máis febles nos que haberá que reforzar o traballo.

8.2 SEGUIMIENTO DO IV PLAN.

Para realizar con efectividade un seguimento do IV Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2020-2024, serán tidos en conta os resultados obtidos da aplicación dos indicadores de cada medida que aportan os datos necesarios para analizar, cuantitativa e cualitativamente, cada unha das 54 medidas, os 7 Eixes e a consecución dos obxectivos.

O seguimento, coordinado pola Concellería de Igualdade, recaerá nas concellerías responsables de cada medida e que aparecen detalladas no Plan para cada unha desas medidas.

A Concellaría de Igualdade, tamén, será a encargada de velar polo cumprimento dos obxectivos, encargándose da coordinación de todas as áreas do Concello do Porriño.

Entre as funcións que desenvolverá está a identificación de barreiras na implantación do Plan e daqueles departamentos ou áreas que non funcionan debidamente.

A verificación dos indicadores adiantará o avance da implantación de cada medida do IV Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2020-2024.

IV Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Porriño 2020-2024

O seguimento iniciase dende o mesmo momento da entrada en vigor do Plan e ata o remate do seu período de vixencia, por medio de Fichas para cada medida que recollen:

- Nome da persoa que cubre a ficha.
- Eixe.
- Obxectivo/os.
- N^o Medida.
- Indicadores
- Persoas participantes por sexo.
- Recursos destinados: materiais e humanos.
- Descrición de resultados.
- Debilidades na implantación da medida.
- Datas de implantación por semestre e ano.
- Observacións

Estas Fichas permiten elaborar unha memoria de seguimento anual do Plan indicando aquelas cuestións detectadas, tanto as que indican unha correcta implantación como as que teñen un carácter negativo e que deberían ser reparadas, modificadas ou substituídas. Esta memoria a elaborará a Concellería de Igualdade co apoio do CIM.

FICHA DE SEGUIMENTO DAS MEDIDAS							
NOME DA PERSOA QUE CUBRE A FICHA:							
EIXE:							
OBXECTIVO/OS:							
N.º DA MEDIDA:			MEDIDA:				
CUMPRIMENTO INDICADORES SINALADOS NA MEDIDA:							
IMPACTOS:							
PERSOAS PARTICIPANTES:			Nº MULLERES:		Nº HOMES:		
ÁREAS DO CONCELLO IMPLICADAS:							
RECURSOS ADICADOS:				MATERIAIS:			
				HUMANOS:			
DEBILIDADES DETECTADAS NA IMPLANTACIÓN DA MEDIDA							
DESCRICIÓN DA IMPLANTACIÓN DA MEDIDA E DAS ACTIVIDADES PREVISTAS							
PERIODO DE EXECUCIÓN							
2020		2021		2022		2023	
1º SEM	2º SEM	1º SEM	2º SEM	1º SEM	2º SEM	1º SEM	2º SEM
OBSERVACIÓNS							

8.3 AVALIACIÓN DEFINITIVA DO IV PLAN

O proceso de avaliación definitiva do IV Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2020-2024 do Porriño comprobará o grao de implantación de todas as medidas, a consecución dos obxectivos e o impacto real na consecución da igualdade.

Esta avaliación, que deberá realizarse ao rematar o período de vixencia previsto en 2024 por unha equipa externa á administración municipal, garantirá a obxectividade na análise da implantación das medidas, do cumprimento dos obxectivos e do impacto do Plan sobre a igualdade de xénero. Así mesmo, deberá detectar as áreas municipais máis e menos implicadas no desenvolvemento das medidas e a grao de cumprimento dos prazos previstos e sinalados no recadro “horizonte temporal” da ficha de cada medida.

9. EIXES, MEDIDAS E ESTRUTURA DO PLAN

O IV Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes do Concello do Porriño estrutúrase en 7 eixes de intervención que, á súa vez, conteñen 54 medidas a desenvolver en función dos obxectivos xerais e estratéxicos do Plan:

- Eixe 1: A Promoción da Igualdade na Política Municipal.
- Eixe 2: Emprego e Conciliación da Vida Persoal, Laboral e Profesional.
- Eixe 3: Coeducación, deporte e calidade de vida
- Eixe 4: Urbanismo, Mobilidade e Seguridade.
- Eixe 5: Atención a situacións de vulnerabilidade.
- Eixe 6: Empoderamento e participación.
- Eixe 7: A Violencia de Xénero.

Promoción da
Igualdade na Política
Municipal.

Emprego e
Conciliación da Vida
Persoal, Familiar e
Profesional.

Coeducación,
Deporte e Calidade
de Vida.

Urbanismo,
Seguridade e
Mobilidade

Atención a
Situacións de
Vulnerabilidade.

Empoderamento e
Participación

Violencia de Xénero.

IV Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Porriño 2020-2024

EIXE 1: A PROMOCIÓN DA IGUALDADE.

Neste eixe artéllanse 11 medidas destinadas a conseguir cambios de carácter estrutural na política municipal baseados na igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e para fornecer a transversalidade de xénero na gobernanza local a través de procedementos, plans, programas e outros documentos estratéxicos. Neste eixe inclúense tamén medidas de sensibilización e información.

EIXE 2-EMPREGO E CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, FAMILIAR E PROFESIONAL

As 10 medidas deste Eixe recollen algunhas accións de fomento da empregabilidade das mulleres son esenciais para dar continuidade ás accións desenvolvidas nos últimos 4 anos a través dun plan pioneiro destinado ao emprego das mulleres e que deu, como xa se sinalou, importantes resultados. Neste Plan se artellan medidas de sensibilización destinadas a empregabilidade das mulleres e, como novidade, medidas de igualdade dirixidas ao sector empresarial.

Respecto da co-responsabilidade da vida persoal, familiar e profesional, as medidas recollidas buscan facer efectivo este dereito e incorporar medidas de carácter estrutural respecto aos horarios e os servizos públicos.

EIXE 3- COEDUCACIÓN, DEPORTE E CALIDADE DE VIDA

O III Plan adiou un número moi salientable de medidas á coeducación ás que este IV Plan dará continuidade con 7 medidas nun Eixe máis amplo conxuntamente co deporte e a saúde. As mulleres son ampla maioría nas Universidades pero seguen a estar infrarrepresentadas en graos e estudos técnicos e científicos, dato que se tivo en conta á hora de deseñar medidas do mesmo xeito que para facilitar o acceso das mulleres e das nenas á práctica do deporte. O Eixe tamén inclúe medidas de fomento da calidade de vida e da saúde dende unha perspectiva integral.

EIXE 4-URBANISMO, MOBILIDADE E SEGURIDADE

A perspectiva de xénero aplicada á xestión do espazo urbano é un dos obxectivos deste IV Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2020-2024 do Porriño para acadar unha cidade máis amable, igualitaria e segura a través de 5 medidas pioneiras.

EIXE 5- ATENCIÓN A SITUACIÓNS DE VULNERABILIDADE

As 7 medidas recollidas dan resposta ás necesidades de mulleres en contextos de vulnerabilidade e tratarán de actuar con respostas específicas, ademais do enfoque transversal do Plan e con formación.

EIXE 6- EMPODERAMENTO E PARTICIPACIÓN

Faise una aposta pola participación equilibrada das mulleres en todos os espazos da vida pública, social e económica as mulleres do Porriño a través de 7 medidas.

EIXE 7: VIOLENCIA DE XÉNERO

As políticas contra a violencia de xénero son un dos piares fundamentais de todo Plan de Igualdade. Por isto e dando continuidade ás accións e medidas desenvolvidas nos últimos anos, prográmase seguir con actividades de alto impacto na cidadanía pero tamén coa posta en marcha de medidas de carácter estrutural baseadas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero a través de 7 medidas.

9.1 MEDIDAS 1º SEMESTRE 2020

EIXE DO PLAN- 1-Promoción da Igualdade na Política Municipal	
OBXECTIVO Promover modelos sociais baseados na igualdade de oportunidades entre mulleres e homes	
ÁREA RESPONSABLE: Alcaldía. Concellería de Igualdade.	
MEDIDA 1.1	INDICADORES
Redactar e aprobar un Documento de adhesión ás políticas de igualdade e nomeadamente ao IV Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2020-2024.por parte dos axentes económicos, sociais e culturais do Porriño. Este Documento de adhesión será difundido aos medios de comunicación e a través das redes sociais do Concello do Porriño.	N.º de axentes sociais comprometidos Nº axentes económicos comprometidos. Nº axentes culturais comprometidos. Nº medidas do Documento de adhesión.
PUBLICO DESTINATARIO Axentes económicos, sociais e culturais do Porriño.	
HORIZONTE TEMPORAL Iniciar no primeiro semestre de 2020.	

EIXE DO PLAN- 1-Promoción da Igualdade na Política Municipal.	
OBXECTIVO Promover modelos sociais baseados na igualdade de oportunidades entre mulleres e homes	
AREA RESPONSABLE Alcaldía Concellería de Igualdade.	
MEDIDA 1.2	INDICADORES
Presentar o IV Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes 2020-2024 a todas as áreas do Concello e organismo dependentes. Presentar o IV Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes 2020-2024 ao tecido asociativo da cidade e á cidadanía porriñesa en xeral a través de diferentes actividades de difusión.	N.º de actividades de difusión internas no Concello.do Porriño. N.º de entidades e asociacións ás que se presentou o Plan. N.º de actividades de difusión celebradas. Nº de soportes empregados
PUBLICO DESTINATARIO Persoal político e técnico do Concello, asociacións, entidades e cidadanía do Porriño.	
HORIZONTE TEMPORAL Iniciar no primeiro semestre do 2020 e dar continuidade á medida.	

EIXE DO PLAN – 1-Promoción da Igualdade na Política Municipal.	
OBXECTIVO Promover modelos sociais baseados na igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.	
AREA RESPONSABLE Concellería de Igualdade	
MEDIDA 1.3	INDICADORES
Editar e difundir material informativo sobre os servizos municipais de información e atención ás mulleres existentes. Deseñar, editar e repartir un Catálogo de Dereitos (en materia de igualdade, de conciliación e de violencia de xénero) dirixido a profesionais, entidades e cidadanía en xeral.	N.º de materiais publicados. N.º de servizos divulgados. Nº de puntos de difusión do material. N.º de mulleres informadas. Nº Catálogos difundidos.
PUBLICO DESTINATARIO A cidadanía do Porriño, nomeadamente as entidades sociais, profesionais e as mulleres.	
HORIZONTE TEMPORAL Iniciar no primeiro semestre de 2020.	

EIXE DO PLAN -1. Promoción da Igualdade na Política Municipal.

OBXECTIVO

Sensibilizar e implicar á cidadanía na consecución da igualdade.

AREA RESPONSABLE

Alcaldía

Todas as Concellerías

MEDIDA 1.8

Visibilizar a mulleres e homes en todos os actos públicos que organice o Concello: xurados, comités, comisións etc....

INDICADORES

% de mulleres e homes participantes en actos públicos, comisións, xurados etc...

Evolución 2020-2024

PUBLICO DESTINATARIO

Todas as áreas do Concello e á cidadanía do Porriño.

HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar no primeiro semestre de 2020

EIXE DO PLAN- 1-Promoción da Igualdade.	
OBXECTIVO	
Sensibilizar e implicar á cidadanía na consecución da igualdade.	
AREA RESPONSABLE	
Concellería de Igualdade	
Concellería de Educación	
MEDIDA 1.9	INDICADORES
<p>Utilizar espazos públicos municipais físicos ou virtuais para transmitir mensaxes igualitarias e contra a violencia de xénero por medio de paneis, expositores, lonas, murais, elementos audiovisuais, web, redes sociais etc...</p> <p>Reforzar esta medida en datas sinaladas para os dereitos das mulleres como o 8 de marzo, o 25 de novembro, o 1 de outubro ou o 10 de decembro.</p> <p>Reforzar esta medida en datas sinaladas para os dereitos civís do colectivo LGTBi como o 17 de maio e o 28 de xuño</p>	<p>N.º de mensaxes e accións igualitarias transmitidas.</p> <p>N.º de formatos empregados</p> <p>% de mulleres e de homes participantes nestas accións.</p>
PUBLICO DESTINATARIO	
A cidadanía do Porriño	
HORIZONTE TEMPORAL	
Iniciar no primeiro semestre de 2020	

EIXE DO PLAN- 1-Promoción da Igualdade na Política Municipal.	
OBXECTIVO Sensibilizar e implicar á cidadanía na consecución da igualdade.	
AREA RESPONSABLE Concellería de Igualdade	
MEDIDA 1.10	INDICADORES
Continuar con campañas institucionais de sensibilización, información e divulgación en datas conmemorativas da igualdade e os dereitos das mulleres e das nenas. Poñer en marcha campañas institucionais de sensibilización, información e divulgación en datas de conmemoración dos dereitos civís, nomeadamente os dereitos LGTBI.	N.º de días conmemorados. N.º de campañas realizadas. N.º de persoas participantes.
PUBLICO DESTINATARIO A cidadanía do Porriño.	
HORIZONTE TEMPORAL Iniciar no primeiro semestre de 2020	

EIXE DO PLAN- 1-Promoción da Igualdade na Política Municipal.

OBXECTIVO

Sensibilizar e implicar á cidadanía na consecución da igualdade.

AREA RESPONSABLE

Concellería de Igualdade

MEDIDA 1.11

Prestar apoio institucional ás reivindicacións do movemento feminista nas celebracións do 8M, Día das Mulleres e o 25N, Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

Prestar apoio institucional ao colectivo LGTBI nas reivindicacións do 17M Día Internacional contra a Homofobia e a Transfobia e o 28X Día do Orgullo LGTBI.

INDICADORES

N.º de días conmemorados.

N.º de campañas realizadas.

N.º de persoas participantes.

PUBLICO DESTINATARIO

A cidadanía do Porriño.

HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar no primeiro semestre de 2020

EIXE DO PLAN-3. Coeducación, deporte e calidade de vida.

OBXECTIVO

Facilitar o acceso das mulleres e nenas á práctica do deporte.

Proxectar O Porriño como cidade igualitaria.

AREA RESPONSABLE

Concellería de Igualdade

Concellería de Deportes

MEDIDA 3.4

INDICADORES

Transmitir mensaxes igualitarias nos lemas, contidos e imaxes dos eventos deportivos organizados polo Concello.

Promover a organización de competicións e actividades deportivas mixtas.

Nº eventos deportivos con lemas e imaxes igualitarias.

Nº de competicións e actividades deportivas mixtas.

Nº participantes con % por sexos.

PUBLICO DESTINATARIO

A cidadanía, nomeadamente aquela que participa en actividades deportivas.

HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar no primeiro semestre de 2020

EIXE DO PLAN- 6. Empoderamento e participación

OBXECTIVO

Participación e empoderamento a través de modelos de organización social baseados na igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

AREA RESPONSABLE

Todas as Concellerías coordinadas pola Concellería de Igualdade.

MEDIDA 6.1

INDICADORES

Introducir a perspectiva de xénero nos proxectos que presenten as entidades e asociacións veciñais, sociais, culturais e deportivas que concorran aos procedementos de concesión de subvencións municipais.

Introducir nos baremos das subvencións do Concello, e sempre que sexa posible, a existencia de representación equilibrada de mulleres e homes nas xuntas directivas das entidades e asociacións concurrentes.

N.º criterios de valoración sobre a introdución da perspectiva de xénero

N.º de proxectos subvencionados que incorporan a perspectiva de xénero

% sobre o total. Evolución.

% de asociacións e entidades beneficiarias que teñen representación equilibrada de mulleres e homes nas xuntas directivas.

PUBLICO DESTINATARIO

Asociacións e entidades que concorran a subvencións municipais.

HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar no primeiro semestre de 2020

EIXE DO PLAN- 6. Empoderamento e participación

OBXECTIVO

Participación e empoderamento a través de modelos de organización social baseados na igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

AREA RESPONSABLE

Concellería de Igualdade

MEDIDA 6.5

Visibilizar ao movemento asociativo de mulleres do Porriño e apoiar a difusión das actividades desenvolvidas por elas a través de canles municipais e das redes sociais do Concello.

INDICADORES

N.º de accións de difusión do movemento asociativo de mulleres.

Nº de persoas alcanzadas.

Nº canles empregados.

PUBLICO DESTINATARIO

As asociacións de mulleres

HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar no primeiro semestre de 2020

EIXE DO PLAN- 7. Violencia de Xénero.	
OBXECTIVO Loitar contra a violencia de xénero. Coñecer a situación e necesidades das mulleres en situación de vulnerabilidade social e mellorar a súa atención.	
AREA RESPONSABLE Alcaldía Concellería de Igualdade Concellería de Seguridade Concellería de Servizos Sociais.	
MEDIDA 7.1	INDICADORES
Crear unha Unidade Local de Apoio contra a violencia de xénero. (<i>Medida 73, 74 e 75 do Pacto de Estado</i>) que aborde a colaboración na identificación de vítimas a través do seguimento personalizado, a axeitada asistencia social e a colaboración na identificación dos perfís de vítimas con maior risco. Formarán a Unidade a alcaldesa, as persoas titulares das concellerías de igualdade, seguridade, servizos sociais, os servizos técnicos e a Policía Local.	Indicadores da posta en marcha da Unidade que serán definidos por un regulamento da Unidade
PUBLICO DESTINATARIO Mulleres vítimas de violencia de xénero	
HORIZONTE TEMPORAL Iniciar no primeiro semestre de 2020	

EIXE DO PLAN- 7- Violencia de Xénero.

OBXECTIVO

Loitar contra a violencia de xénero.

O Porriño como cidade igualitaria.

Sensibilizar e implicar á cidadanía do Porriño na consecución da igualdade.

AREA RESPONSABLE

Alcaldía

Concellería de Igualdade

MEDIDA 7.4

Poñer en marcha unha Campaña anual contra a Violencia de Xénero con ampla difusión entre a cidadanía e incorporando novas masculinidades como medida de prevención da violencia de xénero.

INDICADORES

Nº medidas de accións da campaña
Nº de participantes nas actividades.
Nº accións que incorporan novas masculinidades.

PUBLICO DESTINATARIO

A cidadanía do Porriño

HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar no primeiro semestre de 2020 con continuidade en 2021,2022, 2023 e 2024.

EIXE DO PLAN- 7- Violencia de Xénero.

OBXECTIVO

Loitar contra a violencia de xénero.

O Porriño como cidade igualitaria.

Sensibilizar e implicar á cidadanía do Porriño na consecución da igualdade.

AREA RESPONSABLE

Concellería de Igualdade

Concellería de Festas

MEDIDA 7.5

Crear Puntos Violeta ou Unidades de Prevención de Agresións Sexuais nas festas e eventos multitudinarios que funcionarán como puntos de información sobre a violencia sexual, nomeadamente en espazos públicos e eventos nos que se concentre poboación moza.

INDICADORES

Nº Puntos creados e datas.

Nº de actividades

Nº de persoas participantes

PUBLICO DESTINATARIO

A cidadanía do Porriño

HORIZONTE TEMPORAL

Iniciar no primeiro semestre de 2020.

EIXE DO PLAN- 7- Violencia de Xénero.	
OBXECTIVO Loitar contra a violencia de xénero.	
AREA RESPONSABLE Alcaldía Concellería de Igualdade	
MEDIDA 7.7	INDICADORES
Facer do Protocolo de Prevención do Acoso Sexual e de Acoso por razón de Sexo no Concello do Porriño máis difusión nas redes sociais e nos medios de comunicación. Creación dunha GUÍA para o tratamento de datos persoais das vítimas contra a violencia das mulleres e o seu entorno	Nº de reunións para elaborar o Protocolo. Data da súa aprobación. Nº de reunións para elaborar a Guía. Data de implementación
PUBLICO DESTINATARIO O persoal do Concello do Porriño	
HORIZONTE TEMPORAL Iniciar no primeiro semestre de 2020.	

10. GLOSARIO DE TERMOS

Accións positivas: medidas de impulso e promoción establecidas polos poderes públicos co fin de garantir a igualdade entre mulleres e homes mediante a eliminación de desigualdades que non son corrixibles pola soa formulación do principio de igualdade xurídica ou formal. Estas medidas deben razoables, proporcionais e temporais e estarán vixentes mentres subsistan as desigualdades que constitúen a súa razón de ser (*Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, artigo 11.1*).

Composición Equilibrada: a presenza de mulleres e homes de xeito que, no conxunto dun grupo humano, as persoas de cada sexo non superan o 60% nin están por debaixo do 40%.

Discriminación contra as mulleres: distinción, exclusión o restrición baseada no sexo e que ten por obxecto o propósito de menoscabar ou anular o recoñecemento, goce ou exercicio por parte das mulleres, independentemente do seu estado civil, sobre a base da igualdade do home e a muller, dos dereitos humanos e liberdades fundamentais nas esferas política, económica, social, cultural, civil e calquera outra. (CEDAW).

Discriminación directa por razón de sexo: a situación menos favorable na que se atopa ou pode atoparse unha persoa respecto doutra en situación comparable en atención ao seu sexo. (*Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, artigos 6.1 e 6.2*).

Discriminación indirecta por razón de sexo: a situación na que unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros pon a persoas dun sexo en desvantaxe particular con respecto a persoas doutro, salvo que dita disposición, criterio ou práctica poidan xustificarse obxectivamente en atención a unha finalidade lexítima e que os medios para acadar dita finalidade sexan necesarios e axeitados. (*Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, artigos 6.1 e 6.2*).

Empoderamento: proceso de acceso aos recursos e desenvolvemento das capacidades persoais para poder participar activamente en modelar a vida propia e a da comunidade en termos económicos, sociais e políticos.

Feminismo: Principio de igualdade de dereitos da muller e o home. Movemento que loita pola realización efectiva en todos os ordes do feminismo. (RAE). Corrente de pensamento en permanente evolución pola defensa da igualdade de dereitos e oportunidades entre ambos sexos. Constitúe unha forma diferente de entender o mundo, as relacións de poder, as estruturas sociais e as relacións entre os sexos. (*Mujeres en Red*)

Igualdade entre mulleres e homes: a consagración dun dereito constitucional e a ausencia de toda de discriminación directa ou indirecta ás mulleres independentemente da súa circunstancia

IV Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Porriño 2020-2024

ou condición, en tódolos eidos da vida, nomeadamente nas esferas política, social, económica, laboral e cultural.

Igualdade de xénero: a existencia dunha igualdade de oportunidades e dereitos entre as mulleres e os homes nas esferas privada e pública que lles brinde e garante a posibilidade de levar a cabo a vida que desexen. (UNESCO).

Igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes: un principio do ordenamento xurídico en virtude do cal deben ser interpretadas e aplicadas as normas xurídicas (*artigos 1, 3 e 4 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes*).

Políticas e Medidas de Conciliación: medidas que propician as condicións para acadar un equilibrio entre as responsabilidades persoais, familiares e laborais.

Fenda Salarial: diferenzas salariais entre mulleres e homes, tanto no desempeño de traballos iguais como a producida en traballos “feminizados”.

Sexismo: discriminación das persoas por razón de sexo. En ciencias sociais considérase sexismo a “toda forma de potenciar as diferenzas entre homes e mulleres, esencialmente as biolóxicas, dende unha perspectiva discriminatoria entre o masculino e o feminino.

Transversalidade de xénero: estratexia de integración da igualdade entre mulleres e homes na elaboración, execución e seguimento de todas as políticas e ámbitos de intervención, a tódolos niveis e en todas as etapas. “Organización (reorganización), mellora, desenvolvemento e avaliación dos procesos políticos, de xeito que a perspectiva da igualdade de xénero se incorpore en todas as políticas, a todos os niveis e en todas as etapas, polos actores normalmente involucrados na adopción de medidas políticas”. (*Consello de Europa*)

Teito de cristal: barreiras invisibles creadas polos prexuízos e actitudes discriminatorias nas organización, as cales bloquean o ascenso laboral das mulleres cara a postos executivos e de dirección. Estas barreiras se producen como consecuencia da desigualdade das mulleres no económico e o social (*OIT*).

Violencia de Xénero: todo acto de violencia, baseado na pertenza da persoa agredida ao sexo feminino, que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto na vida pública como na privada.

Xénero: construcións socioculturais que diferencian e configuran os roles, as percepcións e os status das mulleres e dos homes na sociedade.

11. ANEXO

Situación de vulnerabilidade:

A efectos deste Plan, baixo o prisma da interacción da variable de xénero con outras situacións que poden causar discriminación, entenderase por vulnerabilidade ou risco de vulnerabilidade:

- Mulleres con discapacidade.
- As mulleres que traballan en coidados familiares.
- Mulleres inactivas maiores de 45 anos.
- Mulleres maiores de 65 anos.
- Mulleres viúvas.
- Mulleres que só traballan en actividades non remuneradas.
- Mulleres que son ou foron vítimas de violencia de xénero.
- Mulleres LTB (lesbianas, transexuais e bisexuais).
- Mulleres que pertencen a etnias minoritarias.
- Mulleres migrantes.
- Mulleres que viven soas.
- Mulleres que viven soas con cargas familiares non compartidas.
- Mulleres refuxiadas.
- Mulleres vítimas de trata ou da explotación sexual-laboral en redes de prostitución.
- Mulleres que pertencen a unha minoría étnica.
- Mulleres reclusas e ex-reclusas.
- Mulleres dependentes do consumo de sustancias tóxicas ou en proceso de rehabilitación.
- Perceptoras de rendas de integración, subsidios ou prestacións similares.
- Mulleres procedentes de núcleos familiares con ingresos inferiores a 2,5 veces o IPREM.
- Embarazadas ou lactantes sen apoio familiar.
- Mulleres sen fogar ou afectadas por un desafiuamento.